

Como veciñas e veciños do Concello de Mugar dos, afectados pola instalación da Pranta de Gas Natural Licuado, en Punta Promontorio, manifestamos o seguinte:

- 1.- A nosa preocupación e indignación pola desinformación á que nos vemos expostos sobre o Plan de Emerxencia Exterior aprobado o día 2 de xullo por Protección Cívil, homologado o día 10 pola Comisión Nacional e, finalmente aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 19 de xullo.
- 2.- Que sendo veciñas e veciños dos mais directamente afectados queremos coñecer con exactitude o Plan de Emerxencia Exterior, citado no punto anterior.
- 3.- A nosa oposición á que sexa aproba a autorización definitiva de funcionamento para a Pranta de Gas Natural Licuado instalada en Punta Promontorio.

Por todo isto, solicitamos da Corporación Municipal do Concello de Mugar dos o seu apoio para que se nos concedan as entrevistas seguintes que por escrito temos solicitadas con:

- 1.- D. Francisco Barroso Palomino, Director da Área de Industria e Enerxía de A Coruña, organismo provincial dependente do Ministerio de Industria que ten a competencia para aprobar ou non a autorización definitiva de funcionamento que Reganosa ten que solicitar.
- 2.- O Director Xeral de Protección Cívil de Galicia, competente sobre o Plan de Emerxencia Exterior.


De igual forma comunicamos a nosa intención de iniciar, no día de hoxe, un peche con carácter indefinido na Casa Consistorial, ata que as nosas demandas sexan atendidas satisfactoriamente e en breve espacio de tempo.

Mugar dos, 23 de xullo de 2007

Plataforma de Veciños Cruceiro de Mehá



Asdo. Luz Marina Torrente



PLATAFORMA DE VECIÑOS  
C. I. F. : G - 15 750.920  
O Cruceiro de Mehá  
MUGARDOS

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS